



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 4 DE ABRIL DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o Plan de conservación do espazo privado de interese natural "Os lagos de Lousada", concello de Xermade, Lugo.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Soutomaior do treito urbano entre o punto quilométrico 0+000 e o punto quilométrico 0+441 da EP-2908 Arcade-Amoedo (rúa Rosalía de Castro).

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Deportiva Galega de Piragüismo para levar a cabo as actividades de mantemento, conservación e funcionamento do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro (Pontevedra), por un importe de cento quince mil euros (115.000 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación das concesións de servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada correspondentes aos lotes XG600 a XG743, cun orzamento base de licitación conxunto de catrocentos noventa e seis millóns setecentos setenta e nove mil catrocentos oitenta e dous euros con doce céntimos (496.779.482,12 €) e un valor estimado de seiscentos vinte e sete millóns setecentos vinte e cinco mil cento vinte e nove euros con oitenta céntimos (627.725.129,80 €).



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Salvaterra de Miño para a pavimentación da rúa Rosalía de Castro, PO-400, e a construción dunha senda peonil entre o núcleo urbano de Salvaterra e o núcleo de poboación das Zacoteiras, por importe total de seiscentos oitenta e un mil setecentos once euros con trinta e seis céntimos (681.711,36 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual, derivados da orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan cen bolsas para a mocidade do exterior, co fin de cursar estudos de formación profesional de grao superior que se inicien no curso académico 2019-2020 nun centro con ensinanzas sostidas con fondos públicos de Galicia, por importe dun millón de euros (1.000.000 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade de Santiago de Compostela para desenvolver nos anos 2019 e 2020 un programa de actuacións en materia de investigación lingüística, a través do Instituto da Lingua Galega, por importe total de catrocentos doce mil seiscentos oitenta euros (412.680 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva dos medicamentos Dolutegravir e Dolutegravir/Abacavir/Lamivudina para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe de oito millóns setecentos sesenta e dous mil novecentos setenta e sete euros con oito céntimos (8.762.977,08 €), e un valor estimado de vinte millóns douscentos vinte e dous mil douscentos cincuenta e catro euros con oitenta céntimos (20.222.254,80 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de stents coronarios con destino ás estruturas organizativas de xestión integral do Servizo Galego de Saúde da Coruña – Santiago de Compostela – Lugo, Cervo y Monforte de Lemos– Vigo, por un importe de sete millóns novecentos cincuenta e dous mil catrocentos cincuenta euros (7.952.450 €) e un valor estimado de corenta e tres millóns trescentos setenta e sete mil euros (43.377.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e do inmovible do centro de saúde de Petín, feita a título gratuito polo Concello de Petín (Ourense) a favor do Servizo Galego de Saúde.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o programa Galicia Emprende 2019.
- Informe sobre a resolución da convocatoria de axudas para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) no ano 2019.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre as liñas estratéxicas do Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia, 2019-2023.



A XUNTA APROBA A DECLARACIÓN COMO ESPAZO PRIVADO DE INTERESE NATURAL DOS LAGOS DE LOUSADA, NO CONCELLO DE XERMADE

- ***O Consello deulle o visto e praxe esta mañá ao decreto polo que se aproba o plan de conservación que senta as liñas a seguir nos próximos cinco anos para garantir a conservación dos valores naturais presentes neste espazo***
- ***Os propietarios dos terreos onde se localiza este espazo natural, como promotores da declaración e responsables da xestión do novo EPIN, asumen o compromiso de investir 13.000 euros en actuacións dirixidas principalmente a eliminar especies exóticas invasoras, previr incendios e plantar castiñeiros***
- ***É o segundo EPIN que se declara definitivamente na comunidade despois de que en 2011 as Sobreiras do Faro, en Oia, recibiran o mesmo grao de protección***

A Xunta de Galicia acaba de completar os trámites para que Os lagos de Lousada, localizados no concello lucense de Xermade, sexan declarados definitivamente Espazo privado de interese natural (EPIN), unha figura de protección prevista na Lei de Conservación da natureza e pensada para áreas de titularidade privada nas que existen formacións naturais, especies ou hábitats de flora e fauna silvestres con valores que interesa protexer. A declaración tamén lle dará preferencia aos seus propietarios á hora de acceder e obter axudas públicas destinadas á preservación e xestión desta zona.

O Consello da Xunta deulle esta mañá o visto e praxe ao decreto polo que se aproba o Plan de conservación do EPIN Os lagos de Lousada, un documento preceptivo e imprescindible para poder obter a declaración definitiva e que senta as bases técnicas para garantir a conservación dos principais valores naturais presentes nesta zona e en base aos cales, precisamente se lle outorgou esta figura de protección. Trátase do segundo EPIN que se declara de forma definitiva na comunidade, despois de que no ano 2011 o espazo natural coñecido como Sobreiras do Faro, no concello de Oia, recibira o mesmo grao de protección.

Dentro do plan de conservación dos lagos de Lousada figuran unha serie de medidas orientadas á garantir a protección das especies e hábitats presentes neste espazo natural mediante unha serie de directrices de xestión adecuadas, harmonizando este obxectivo co exercicio dos dereitos privados, o gozo e as visitas ao espazo natural, o estudo e contemplación dos seus valores, e o aproveitamento ordenado das súas producións e demais actividades que se executen dentro del.

Entre as principais accións previstas cómpre subliñar a eliminación de especies exóticas invasoras, coa realización de tratamentos silvícolas en toda a superficie do EPIN para retirar paulatinamente o *Eucalyptus nitens*; a prevención do risco de incendios, coa execución durante os tres primeiros anos de faixas de control da biomasa que eviten a propagación de lumes; a mellora dos hábitats naturais e a restauración de áreas degradadas, a través de actuacións como a plantación de castiñeiros, a limpeza manual da zona de uso público respectando a posible rexeneración de soutos, etc; e a mellora e ordenación do uso público,

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

preservando as zonas de maior valor ecolóxico coa creación de rutas de sendeirismo, espazos recreativos ou a elaboración de material divulgativo.

Todas estas actuacións terán un custo global de 13.000 euros, que serán achegados polos propietarios dos terreos nos que se asenta o EPIN, como promotores no seu día da solicitude que deu pé a esta declaración e responsables directos da xestión deste espazo.

O plan apróbase cunha programación inicial para cinco anos, polo que deberá revisarse cumprido ese prazo ou incluso antes, no caso de que se produza un cambio significativo nas circunstancias ou nos criterios que determinaron a súa aprobación.

Dous lagos e unha lagoa permanentes

Á hora da declaración como EPIN dos lagos de Lousada, tívose en conta que a parcela na que se localizan posúe uns valores singulares respecto á hidroloxía, derivados da presenza de antigas explotacións mineiras que deron lugar á creación de dous lagos e unha lagoa permanentes. Os lagos contan cunha superficie de arredor de 15.000 m² e a lagoa cunha superficie aproximada 1.500 m². En total, o EPIN abrangue unha superficie total de 41,7 hectáreas.

Estes lagos poden considerarse un dos principais valores de interese do espazo, dándolle nome. Constitúen importantes puntos de auga para a fauna da contorna, con notables poboacións de insectos e anfibios, e forman parte do Inventario Galego de Humidais. O EPIN tamén garda relación coa Reserva da Biosfera Terras do Miño ao estar integrado dentro do seu ámbito territorial.

Coa aprobación esta mañá do Plan de conservación dos lagos de Lousada por parte do Consello da Xunta cúmprese o último trámite pendente tras a súa declaración definitiva como EPIN mediante Orde do 15 de marzo de 2019 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Os lagos de Lousada convértense deste xeito no segundo EPIN de Galicia, pouco máis dun ano despois de obter a declaración provisional como tal, outorgada en novembro de 2017.

En total, estes dous espazos naturais ocupan unha extensión de máis de 50 hectáreas que hai que preservar e protexer. Neste sentido, a Consellería de Medio Ambiente será a encargada de tutelar a conservación dos EPIN, ao tempo que a súa xestión recaerá sobre os promotores particulares da declaración, que deberán cingirse ás liñas de actuación marcadas no plan de conservación aprobado en cada caso co fin de establecer as normas de uso e aproveitamento do solo e dos recursos naturais, así como as regras relativas ao uso público e ás actividades científicas e educativas permitidas.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE SOUTOMAIOR DA TITULARIDADE DO TREITO URBANO DA VÍA PROVINCIAL QUE COINCIDE COA RÚA ROSALÍA DE CASTRO

- ***Os cambios de titularidade tramítanse conforme coa Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta de Galicia por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade***
- ***Coa transferencia, o Concello será responsable da conservación do tramo e poderá actuar de modo acorde coas súas características***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia ao Concello de Soutomaior do treito urbano da vía provincial EP-2908, que comunica Arcade e Amoedo, e que coincide coa rúa municipal Rosalía de Castro.

O concello pontevedrés solicitou á deputación provincial o cambio de titularidade deste treito de case medio quilómetro de lonxitude, entre os puntos quilométricos 0 e o 0+441. A petición prodúcese tras rematar o organismo provincial a execución do proxecto de mellora da mobilidade peonil na contorna desta estrada ao seu paso por Soutomaior.

A Administración provincial de Pontevedra considerou axeitado o cambio de titularidade a prol do entidade local, polo que emite informe favorable para a transferencia deste treito e solicita o cambio de titularidade destas estradas á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A transferencia a prol do Concello de Soutomaior deste treito provincial tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que deberá ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo executivo autonómico, o Concello de Soutomaior terá a competencia para actuar en ambas as vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ano da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DO CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEGAPI PARA O MANTENIMENTO, CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DO COMPLEXO DE VERDUCIDO

- *Para o cumprimento deste convenio, que estará vixente ata o 31 de decembro de 2019, a Secretaría Xeral para o Deporte concederá á Federación unha subvención de 115.000 euros, un 9,5% máis que a cantidade consignada en 2018 (105.000 euros)*
- *O 10 de agosto de 2017, a Secretaría Xeral para o Deporte asinou un convenio de colaboración coa Federación Galega de Piragüismo polo que se lle outorgaba a concesión do complexo náutico e campo de regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro, por un período de cinco anos, prorrogables por períodos sucesivos de cinco anos, ata un máximo de 75 anos*

O Consello da Xunta acaba de autorizar a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Piragüismo (Fegapi) para levar a cabo as actividades de mantemento e conservación do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro, no concello de Pontevedra, así como para os gastos de funcionamento destas instalacións pola cesión outorgada pola Secretaría Xeral para o Deporte á Federación de Piragüismo. Para o cumprimento deste convenio, que estará vixente ao longo de todo o ano 2019, a Secretaría Xeral para o Deporte concederá á Federación unha subvención de 115.000 euros, un 9,5% máis que en 2018 cando se consignaron a este respecto 105.000 euros, unha cantidade que xa reflectía unha suba do 5% respecto ao consignado en 2015 e 2016 cando se destinaron 100.000 euros.

Deste xeito dáse cumprimento á competencia exclusiva da Comunidade Autónoma establecida no Estatuto de autonomía da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de deportes. No exercicio desta competencia, a Xunta de Galicia proxectou e executou a obra de construción do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, co obxectivo de destinarse á formación, preparación e especialización dos deportistas galegos da modalidade do piragüismo. O Complexo Náutico debe ser xestionado de tal xeito que garanta o seu máximo rendemento deportivo, a través da aplicación de acertados programas técnico-deportivos que abarquen desde a base ao alto rendemento, garantindo un contexto idóneo para o crecemento e desenvolvemento dos deportistas galegos nos ámbitos deportivo, pedagóxico e social.

Ademais da mellora da tecnificación e do rendemento no piragüismo de Galicia, cómpre optimizar o centro de cara á consecución de melloras similares en todas aquelas modalidades deportivas que poidan beneficiarse do uso destas instalacións polas súas características específicas e posibilidades que ofrecen. Deste xeito, o 10 de agosto de 2017, a Secretaría Xeral para o Deporte asinaba un convenio de colaboración coa Federación Galega de Piragüismo polo que se lle outorgaba a concesión do Complexo Náutico e Campo

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro, por un período de cinco anos, prorrogables por períodos sucesivos de cinco anos, ata un máximo de 75 anos.

Ademais das funcións establecidas no convenio e que se cinguen ao mantemento, conservación e funcionamento do complexo deportivo, a Federación Galega de Piragüismo deberá velar pola igualdade efectiva entre mulleres e homes así como cumprir o establecido na Lei 19/2007, do 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte; colaborar, fomentar e facilitar a participación no deporte das persoas con algunha discapacidade, tal e como se establece no artigo 51 da Lei 3/2012, do 2 de abril; posibilitar a participación inclusiva de todas as persoas deportistas independentemente da súa raza, inclinación sexual, ideoloxía, sexo, discapacidade, relixión e nivel de rendemento, con especial atención nas actuacións correspondentes ao Programa do deporte en idade escolar; velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de prevención e loita contra a dopaxe no deporte; velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte; fomentar a posta en práctica de medidas encamiñadas á prevención de accidentes deportivos, con especial atención á poboación en idade escolar; ou garantir os dereitos lingüísticos de todas as persoas, empregando o galego e o castelán nas súas comunicacións.

Nas vindeiras datas, a Secretaría Xeral para o Deporte reunirase cos responsables das federacións deportivas galegas para comunicarlle a distribución dos 4.855.000 euros que a Xunta de Galicia dispón para financiar a actividade destas entidades que teñen funcións públicas delegadas segundo a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. Este orzamento no que se inclúen 550.000 euros achegados pola Secretaría Xeral da Igualdade, representa un aumento do 30% respecto ao consignado en 2018, polo que a idea é acadar que a Federación Galega de Piragüismo logre, entre o importe do convenio e o destinado para Verducido, o maior orzamento concedido pola Xunta de Galicia na serie histórica, desde 2009.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DOS 100 PRIMEIROS CONTRATOS DO TRANSPORTE PÚBLICO QUE FUNCIONARÁ EN GALICIA NA VINDEIRA DÉCADA, CUN VOLUME DE NEGOCIO DE CASE 630 MILLÓNS DE EUROS

- ***O Plan de transporte público de Galicia completárase cos 50 contratos que sairán á información pública no mes de xuño e comezarán a funcionar a finais de ano***
- ***En total, a Xunta achegará máis de 70 millóns de fondos públicos cada ano para garantir a viabilidade deste servizo, especialmente no rural, onde se xeneralizará o autobús compartido e as paradas baixo demanda***
- ***A primeira licitación está formada por case 2.000 liñas de autobús interurbano que, desde o vindeiro mes de agosto, percorreren máis de 28 millóns de quilómetros ao ano empregando máis de 1.000 autobuses***
- ***O acordo social pechado pola Xunta coas principais centrais sindicais blindará a subrogación dos preto de 1.000 condutores necesarios para prestar estes servizos, afondando na formación, na conciliación e no emprego fixo no sector***
- ***Os contratos tamén foron sometidos a un proceso de participación pública no que se atenderon as suxestións de concellos e empresas do sector***
- ***A atención dos escolares seguirá a ser prioritaria nas preto de 1.400 liñas de autobús compartido, que contarán coa presenza dun acompañante en cada unha***
- ***Os novos contratos incorporan melloras para os usuarios como a unificación tarifaria, bonos obrigatorios e as paradas seguras en horarios nocturnos***
- ***Os contratos impulsan medidas de modernización do sistema de transporte a todos os vehículos e operadores, como a instalación de máquinas que admitan o pagamento coa TMG de Galicia***
- ***Os contratos están dimensionados para favorecer a participación das pequenas e medianas empresas que predominan no tecido empresarial galego do sector***
- ***Limitárase a adxudicación de contratos a unha única empresa para evitar a concentración***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación dos 100 primeiros contratos da nova rede de transporte público que funcionará en Galicia durante a vindeira década cun volume de negocio de case 630 millóns de euros, dos cales máis de 500 serán achegados pola Administración autonómica.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará de forma inmediata este primeiro conxunto de contratos elaborados no marco do Plan de transporte de Galicia, que se completará cos 50 anteprojectos que sairán á información pública no mes de xuño e que comezarán a funcionar a finais de ano.

En total estímase que a Xunta achegará máis de 70 millóns de fondos públicos anuais para garantir a viabilidade deste servizo, especialmente no rural, onde se xeneralizará o autobús compartido e as paradas baixo demanda.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

A Xunta avanza así no cumprimento do establecido na normativa europea e para culminar neste ano 2019 a renovación de todo o mapa de servizos de autobús interurbano da comunidade a través do Plan de transporte público de Galicia.

Hoxe, o Executivo autonómico deu así o seu visto e praxe á contratación das concesións de case 2.000 liñas de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada, que percorreren máis de 28 millóns de quilómetros ao ano empregando máis de 1.000 autobuses.

A contratación das novas concesións aprobada polo Goberno galego permitirá garantir á cidadanía a continuidade da prestación dos servizos de transporte público, unha vez rematado o prazo máximo dos contratos adxudicados no verán do ano 2017 ao abeiro da Lei 2/2017, e cuxa vixencia expira en agosto de 2019. Trátase concretamente dos servizos postos en marcha en agosto do ano 2017 na totalidade da provincia de Ourense, gran parte da provincia de Lugo, preto da metade da de Pontevedra e determinadas zonas da Coruña.

Das case 2.000 liñas de transporte deseñadas, máis de 1.400 terán a consideración de liñas integradas, é dicir, servizos de autobús compartido entre escolares e usuarios xerais, e máis de 1.000 prestarán algún tipo de servizo baixo demanda. Gran parte das liñas integradas tamén prestan servizos baixo demanda, por exemplo en período non lectivo.

A atención dos escolares seguirá a ser prioritaria nas preto de 1.400 liñas de autobús compartido que contarán coa presenza dun acompañante en cada unha. En total, e tendo en conta que un mesmo autobús dá servizo a varios centros, considerándose cada un deles unha liña, estes contratos autorizados hoxe suporán a ocupación de 800 acompañantes.

O acordo social pechado pola Xunta coas principais centrais sindicais blinda a subrogación dos preto de 1.000 condutores necesarios para prestar estes servizos, afondando na formación, na conciliación e no emprego fixo no sector.

Os contratos tamén foron sometidos a un proceso de participación pública no que se atenderon as alegacións tanto dos concellos como das empresas do sector.

Os contratos introducen melloras para os usuarios en relación coa prestación dos servizos, que inclúen un esquema tarifario unificado, bonificacións obrigatorias, unha regulación máis concreta da prestación dos servizos baixo demanda ou incrementos e melloras de servizos en liñas, rutas, expedicións ou horarios.

Así mesmo, os contratos autorizados hoxe polo Executivo autonómico prevén a extensión das medidas de modernización do sistema de transporte a todos os vehículos e operadores, como a instalación de dispositivos de cobramento que admitan o pagamento coa tarxeta Transporte Metropolitano de Galicia e a implantación de sistemas de axuda á explotación, entre outras.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Os contratos están dimensionados para favorecer a participación das pequenas e medianas empresas que predominan no tecido empresarial galego do sector. Ademais, limitarase a adxudicación de contratos a unha única empresa para evitar a concentración.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O INVESTIMENTO DE MÁIS DE 680.000 EUROS NA EXECUCIÓN DUNHA SENDA PEONIL ENTRE SALVATERRA DO MIÑO E AS ZACOTEIRAS E A MELLORA DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO

- *A colaboración do Goberno galego co concello pontevedrés ten por obxectivo favorecer as condicións de accesibilidade e mobilidade dos seus veciños*
- *Construirase un itinerario para peóns de 1,5 quilómetros de lonxitude en formigón coloreado e adaptadas á orografía na marxe dereita das estradas PO-400 e PO-402*
- *O Departamento de Infraestruturas da Xunta de Galicia tamén prevé a rehabilitación do firme da estrada PO-400, no tramo urbano que cruza o centro da vila*
- *Segundo o convenio, a Xunta asume o custo da intervención e transfere os terreos para a execución dos traballos, correspondéndolle ao concello a adxudicación e execución das obras e asumir a titularidade da senda*
- *O Executivo autonómico e o concello colaboran para fomentar investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, favorecendo o desenvolvemento económico e social e unha maior calidade de vida á cidadanía*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Salvaterra do Miño para a execución dunha senda peonil entre o centro urbano da vila e o núcleo de poboación das Zacoteiras, nas estradas PO-400 e PO-402, e a rehabilitación do firme da estrada PO-400, no tramo que coincide coa rúa Rosalía de Castro.

Mediante este acordo, o Goberno galego aproba o investimento autonómico de máis de 680.000 euros, que ten como obxectivo a mellora das condicións de accesibilidade e mobilidade dos veciños deste concello pontevedrés, e o reforzo da seguridade viaria.

As obras proxectadas polo Departamento de Infraestruturas da Xunta de Galicia divídense en dúas actuacións.

Unha actuación consiste na execución dunha senda peonil na marxe dereita das estradas PO-400, puntos quilométricos 1+120 – 2+380, e PO-402, entre os p.q. 0+000 – 0+140, que parte do centro urbano de Salvaterra do Miño e vai ata o núcleo poboacional das Zacoteiras.

A intervención proxectada prevé a execución dun itinerario de case 1,5 quilómetros de lonxitude en formigón coloreado e adaptadas á orografía. O orzamento estimado para desenvolver estas actuacións ascende a 440.000 euros

Os traballos da senda completaranse cunha rede de drenaxe para recollida, canalización e evacuación das augas de escorrentía, a preinstalación dos servizos de iluminación pública e telecomunicación e sinalización, balizamento e defensas.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

A outra actuación do Departamento de Infraestruturas da Xunta de Galicia prevé a rehabilitación do firme da estrada PO-400 ata a glorieta de intersección coa PO-402, no tramo urbano que se corresponde coa rúa Rosalía de Castro. Nesta vía, moi transitada por vehículos e peóns e que cruza o centro da vila ata o núcleo poboacional de Oleiros, a intervención inclúe a limpeza das marxes e apertura de cunetas, o reforzo de firme e o pintado de marcas e sinais. O orzamento estimado desta intervención ascende a 250.000 euros.

Segundo establece o convenio aprobado hoxe pola Xunta, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade subvencionará os gastos de execución das obras e comprométese a transferir ao concello os terreos de dominio público viario necesarios para a execución das obras. E ao Concello de Salvaterra do Miño correspóndelle adxudicar, dirixir e executar estas de conformidade co proxecto, e asumirá con anterioridade á licitación das obras a titularidade do treito da senda peonil e do tramo da rúa Rosalía de Castro, salvo calzada e beiravías.

Con estas actuacións a Xunta, en colaboración co Concello de Salvaterra do Miño, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que achegue unha maior calidade de vida á cidadanía.

EDUCACIÓN FINANCIA 100 BOLSAS PARA QUE A MOCIDADE DO EXTERIOR CURSE ESTUDOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR EN GALICIA

- ***O alumnado recibirá apoio económico ao longo dos dous cursos do ciclo, aínda que debe cumprir os requisitos de matriculación e rendemento académico***

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional convoca este ano un total de 100 bolsas -dotadas con 10.000 euros cada unha delas- para a mocidade do exterior co fin de cursar estudos de grao superior de formación profesional en Galicia. O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace a esta orde de axudas en réxime de concorrencia competitiva, para a cal o departamento educativo do Goberno galego mobiliza un millón de euros. Os beneficiarios poderán desenvolver os seus estudos ao longo dos dous cursos do ciclo, isto é o curso 2019-20 e o 2020-21.

Esta medida, incluída dentro da Estratexia Retorna 2020 posta en marcha pola Secretaría Xeral da Emigración, busca incentivar o retorno dos galegos do exterior, non só dos emigrados, senón tamén dos seus descendentes, favorecendo a súa incorporación e a dos seus fillos nos centros de formación profesional da comunidade, así como no sistema universitario de Galicia.

Requisitos na solicitude e concesión da bolsa

Neste procedemento, o mozo ou moza debe cumprir e acreditar unha serie de requisitos tanto no prazo de presentación de solicitudes como na propia data de concesión da bolsa. Deste xeito, cando presente a súa solicitude, debe ser menor de 30 anos, estar en posesión da nacionalidade española, residir no estranxeiro e acreditar un mínimo de dous anos de residencia no estranxeiro inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude. Ademais, é necesario ser emigrante nado en Galicia ou ter residido en Galicia de xeito continuado durante dez anos con nacionalidade española antes de emigrar, ou ser descendente por consanguinidade dunha persoa que cumpra algunha destas condicións e ter nacido no estranxeiro; así como cumprir os requisitos académicos de acceso a ciclos de grao superior de FP.

Con carácter previo á concesión da bolsa será necesario estar matriculado/a no curso 2019/20 no 1º curso dun ciclo de grao superior de formación profesional en réxime ordinario sostido con fondos públicos, no 1º ano dun proxecto de formación profesional dual ou nun mínimo de 800 horas no réxime para as persoas adultas en modalidade presencial.

Dado que as bolsas se conceden en réxime competitivo, haberá unha comisión de valoración que examinará as solicitudes presentadas e avaliará os méritos acreditados ata un máximo de 18 puntos segundo o baremo establecido. Deste xeito, posuír o título de bacharelato ou equivalente valórase con 9 puntos, posuír a certificación das probas de acceso a ciclos superiores ou probas de acceso á Universidade para maiores de 25, con 5 puntos; outras titulacións, con 1 punto e vinculación con Galicia ata 3 puntos.

5.000 euros cada curso

Cada bolsa está dotada cunha contía de 10.000 euros, que se distribuirán en 5.000 euros para cada curso. En todo caso, os pagamentos estarán condicionados aos requisitos de matriculación e rendemento académico. Neste sentido, no caso de non cumprir os requisitos de promoción a 2º curso (ter aprobado o 70% dos módulos da 1ª avaliación) e, xa que logo, non poder matricularse nel, non se percibirá a axuda do segundo ano.

Tras a súa aprobación por parte do Consello da Xunta, a orde publicarase no *Diario Oficial de Galicia*. Os interesados/as terán un prazo de 45 días hábiles que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación.

A XUNTA E A USC COLABORAN NO DESENVOLVEMENTO DA INVESTIGACIÓN SOBRE LINGUA GALEGA

- ***Ambas as entidades asinarán un convenio para apoiar diversos proxectos en marcha do Instituto da Lingua Galega***

O Consello da Xunta vén de dar luz verde á sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para continuar co programa de actuacións en materia de investigación lingüística a través do Instituto da Lingua Galega (ILG) nos anos 2019 e 2020, e que servirá para dar impulso á dinamización do galego e ao desenvolvemento da investigación sobre esta lingua.

Este convenio, por importe de 412.680 euros (dos que a Administración autonómica achegará 240.000 euros), permitirá continuar cos traballos de edición e publicación dos materiais lexicais recollidos para a elaboración do *Atlas Lingüístico Galego*. Así mesmo, posibilitará investigar sobre a competencia, o cambio lingüístico, actitudes e muda de lingua da xente nova. Para elo, traballárase en tres liñas: a análise da competencia escrita en lingua galega do alumnado de 2º de bacharelato, o cambio lingüístico e contacto de lingua na xuventude e o mantemento, transmisión e cambio de lingua nas familias.

Por outra banda, grazas a este acordo, concluírase a edición dixital da colección documental do mosteiro de Santa María de Oia (Pontevedra), que abrangue toda a documentación relativa ao dito inmoible. Ademais, realizarase unha edición interpretativa e un inventario toponímico das *Memorias del Arzobispado de Santiago (1067)* do cóengo cardeal Jerónimo del Hoyo; e farase unha aproximación ao estudo do notariado e das características da súa produción documental nunha comarca da Galicia Medieval: a Terra de Caldelas (colección do mosteiro de Montederramo).

Referente na investigación científica

A Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela colaboran desde o ano 1987 no desenvolvemento de traballos de investigación lingüística do idioma galego, que a partir do ano 1994 se plasma coa sinatura ininterrompida de convenios de colaboración. Estes traballos realízanse a través do Instituto da Lingua Galega da USC e consisten na recolleita de material dialectal lingüístico galego a partir do que se elaboran os traballos científicos sobre gramática e lexicografía.

O Instituto da Lingua Galega é un centro de investigación lingüística da USC e o seu labor investigador lévase a cabo en varias seccións: lexicografía, xeografía lingüística e dialectoloxía, onomástica, fonética, gramática, sociolingüística e historia da lingua. Os resultados destas investigacións e os coñecementos sobre a lingua galega están á disposición da comunidade de investigadores e da sociedade en xeral.

O galego é unha lingua viva en permanente evolución e por iso, ademais de traballar na recolleita de léxico tanto en obras editadas como inéditas, na súa historia, na súa literatura e na

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

súa fonética, tamén é necesario traballar constantemente na súa actualización e modernización, así como na elaboración de recursos terminolóxicos de cada sector e cada área, de xeito que se poidan satisfacer as necesidades lingüísticas que a sociedade demanda continuamente.

SANIDADE DESTINA MÁIS DE 8,7 MILLÓNS Á COMPRA DE MEDICAMENTOS PARA TRATAR O VIH

- ***Trátase da adquisición de Dolutegravir e de Dolutegravir/Abacavir/Lamivudina, indicados no tratamento de pacientes infectados polo virus de inmunodeficiencia humana***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a compra de dous medicamentos destinados a todos os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde indicados para tratamento de pacientes infectados polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH). O importe total da licitación é de 8.762.977 euros.

En concreto, a compra tramítase a través dun expediente destinado á contratación da subministración sucesiva dos medicamentos Dolutegravir e Dolutegravir/Abacavir/Lamivudina (un fármaco con 3 principios activos), ambos indicados para o tratamento de pacientes infectados polo VIH.

O Sergas estima que preto de 5.000 pacientes se poidan beneficiar deste tratamento. No ano 2017 a compra dos tratamentos de VIH situouna como a terceira área terapéutica de ámbito hospitalario de maior inversión, tras a de farmacoterapia oncolóxica e hematolóxica.

En todos os casos, trátase de medicamentos exclusivos, sometidos á protección de patente e sen alternativa terapéutica e, polo tanto, comercializados en exclusiva, de aí que os expedientes se tramiten por procedemento negociado.

É a primeira vez que estes medicamentos se adquiran por contratación centralizada. Ao establecer prezos únicos nos medicamentos que se van contratar, evítanse variacións significativas no prezo de compra entre os distintos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, garantindo a continuidade, o control e seguimento das terapias establecidas.

Ademais, a compra agregada destes produtos empregados en todos os centros sanitarios do Sergas permite conseguir unha maior eficiencia na compra (un único expediente de contratación para todo o Sergas), contribuíndo deste xeito a unha maior sustentabilidade económica do sistema sanitario público galego.

O SERGAS DESTINA PRETO DE 8 MILLÓNS DE EUROS Á ADQUISICIÓN DE STENTS CORONARIOS

- ***A contratación centralizada desta prótese permite un aforro estimado anual do 5% sobre os prezos anteriores do Sergas, isto é, 418.550 euros***

O Consello da Xunta autorizou a contratación da subministración sucesiva de stents coronarios con destino ás unidades de hemodinámica do Sergas. Esta contratación centralizada ten un orzamento anual de 7.952.450 euros.

O expediente de contratación ten por obxecto a contratación mediante un procedemento aberto de stents coronarios para as EOXI do Servizo Galego de Saúde onde dispoñen de unidades de Hemodinámica e CardioloXía Intervencionista: A Coruña, Lugo, Santiago, Pontevedra, Vigo e Ourense.

Esta contratación centralizada incorpora unha diminución dos prezos de compra dun 5% sobre a anterior licitación, obtendo un aforro estimado anual de 418.550 euros. Tamén, respecto do anterior expediente esta licitación segue as últimas tendencias tecnolóxicas e recomendacións científicas que se están a dar neste sector, que son os stens farmacoactivos (próteses recubertas de diversas substancias antibióticas e que controlan o crecemento do tecido arterial), e introdúcese tamén un lote de stents reabsorbibles, onde o implante desaparece substituído polo tecido san.

A compra centralizada contribúe á transparencia na xestión mediante un procedemento de compra aberto, público e con concorrencia. Por último, tamén contribúe á sustentabilidade económica do sistema sanitario público, optimizando os prezos de compra dos implantes.

Os stents son próteses endovasculares que teñen por obxectivo a apertura dos vasos sanguíneos estreitados por acumulación de lípidos e células inflamatorias nas súas paredes. O paso dun menor caudal de sangue pode causar anxina de peito ou infarto de miocardio.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE PETÍN

O Consello da Xunta acaba de autorizar a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Petín, na provincia de Ourense, que conta cunha superficie construída de 366 m². A cesión do inmovible está feita a título gratuito por parte do Concello de Petín a favor do Servizo Galego de Saúde. A transferencia desta infraestrutura sanitaria da rede sanitaria pública de Galicia ten un custo anual de mantemento estimado para a Xunta de Galicia de 24.000 euros.

Con este inmovible sanitario, o número total de centros de titularidade municipal asumidos polo Servizo Galego de Saúde no eido do Pacto Local ascende a 89.

Cómpre destacar que a asunción de obrigas de contido económico para o Servizo Galego de Saúde xorde no momento en que se eleve a escritura pública a cesión da titularidade dos centros á Administración sanitaria autonómica.

O proceso de asunción é en todo caso voluntario para os concellos, que previamente asinan os convenios nos que se establecen as bases de cooperación co Sergas para a cesión da propiedade do centro de saúde do que é titular o dito concello, ao Servizo Galego de Saúde, e para a asunción, por parte deste organismo, dos gastos de mantemento. O concello comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios co fin de posibilitar a cesión patrimonial do centro de saúde libre de cargas e gravames, así como a aprobar determinadas exencións e bonificacións fiscais, e o Servizo Galego de Saúde acepta a cesión do inmovible e comprométese a asumir os gastos de mantemento.

A XUNTA REFORZA AS AXUDAS A NOVOS EMPREENDEDORES E AUTÓNOMOS PARA IMPULSAR MÁIS DE 200 PROXECTOS EMPRESARIAIS

- ***A nova convocatoria do Galicia Emprende mobilizará máis de 24 millóns de euros para favorecer a xeración de 700 empregos a través de novas empresas e a consolidación de compañías de recente creación***
- ***A iniciativa inclúe dúas convocatorias sucesivas para facilitar a presentación e a execución dos investimentos, á que se suma unha liña específica para o rural***
- ***O orzamento destinado en 2019 ao emprendemento ao abeiro do Galicia Emprende suma 9 millóns de euros, o que supón un incremento do 28% con respecto a 2018***
- ***O pasado ano achegáronse axudas a 159 proxectos que permiten a creación e o mantemento de 387 empregos***
- ***A través das distintas iniciativas da rede de aceleradoras StartIN Galicia, o Goberno autonómico ofrece apoio integral ao emprendemento en todo o territorio***

A Consellería de Economía, Emprego e Industria activará nos próximos días unha nova convocatoria do Galicia Emprende. Esta iniciativa, da que xa se convocou unha liña específica dirixida ao rural, achegará en total axudas por valor de 9 millóns de euros a 200 proxectos de autónomos e emprendedores para mobilizar investimentos que superarán os 24 millóns de euros. A Xunta reforza os apoios, que o ano pasado rozaron os 7M€ en 159 iniciativas.

Esta medida para impulsar o emprendemento, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ten como obxectivo estimular o tecido empresarial galego e fomentar a xeración de emprego mediante a creación e fortalecemento de novas pemes. Así, a través dos investimentos apoiados, a presente edición prevé a creación e mantemento de 700 postos de traballo, dos que polo menos 200 serán específicos no ámbito rural.

Os novos emprendedores ou autónomos interesados en solicitar as axudas poderán facelo en calquera das dúas edicións que, de xeito sucesivo, se activarán durante este ano -a convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia o 17 de abril e as solicitudes poderán presentarse ata o 27 de xuño na primeira edición e do 28 de xuño ao 18 de outubro, na segunda- para facilitar a elaboración, a presentación e a execución dos proxectos de investimento, e ás que se poden acoller proxectos promovidos en Galicia, tanto de nova creación como de consolidación de empresas durante os seus primeiros 42 meses de funcionamento.

O importe dos investimentos apoiados está comprendido entre os 25.000 e os 500.000 euros e as axudas concedidas poderán cubrir ata o 30% deles no caso das pequenas empresas e ata o 20%, no das medianas.

Este ano o Goberno galego incrementa os seus apoios ao emprendemento a través do Galicia Emprende destinando un 28% máis de orzamento para achegar apoios por valor de

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

9 millóns de euros -se se ten en conta a liña específica adicional para proxectos no eido rural que busca a diversificación e creación de novas empresas non agrícolas sobre o territorio-.

En 2018, ao abeiro de todas as convocatorias deste programa, a Consellería de Economía, Emprego e Industria impulsou 159 proxectos empresariais de emprendedores e autónomos, coa concesión de axudas por importe de 7 millóns de euros. Os investimentos empresariais mobilizados, cun importe medio por proxecto de máis de 100.500 euros, acadaron os 16 millóns de euros. A previsión de creación e mantemento de emprego asociada aos investimentos apoiados acada os 387 postos de traballo.

Os proxectos aprobados nas convocatorias do pasado ano abranguen, entre outras, actividades do sector industrial, como fabricación de maquinaria para a industria metalúrxica, a industria do pan e repostaría ou a elaboración de viños; e actividades de servizos relacionadas coa fisioterapia e a podoloxía, a enxeñaría, as artes gráficas, o comercio, a restauración e o turismo, e os servizos médicos.

O Galicia Emprende forma parte da aposta da Xunta polo impulso e a consolidación de proxectos empresariais, que, a través da plataforma StartIN Galicia, ofrece apoio integral ao emprendemento en todo o territorio. Ademais destes programas, a plataforma desenvolve iniciativas como as *business factories* dos sectores de automoción, aeronáutico e alimentación, a rede de espazos *coworking* e as demais aceleradoras que están tamén en marcha: ViaGalicia, Connecting for Good Galicia e Galicia Open Future.

AS AXUDAS AUTONÓMICAS DE APROL RURAL IMPULSARÁN A CONTRATACIÓN DE 531 DESEMPREGADOS EN 268 CONCELLOS GALEGOS

- ***A Xunta de Galicia resolveu a convocatoria deste programa para 2019 na que inviste 7M€, un 13% máis que o ano pasado, e a través da que os concellos emprendedores reciben o dobre de contratos, acadando o 60% do orzamento das axudas concedidas***
- ***Os apoios dirixidos ás entidades locais do rural destinaranse á contratación de desempregados para a realización de tarefas relacionadas coa xestión do monte e coa prevención de incendios nas faixas secundarias***
- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria financia o 100% dos contratos destinando este ano unha contía medida por traballador de 13.176€, preto dun 20% máis que en 2018***
- ***A iniciativa, na que teñen preferencia mulleres e menores de 30 anos, forma parte da Axenda 20 coa que a Administración autonómica está favorecendo en Galicia o emprego estable e de calidade***

A Xunta de Galicia resolveu a convocatoria de axudas do programa Aprol Rural 2019 ao que destina 7 millóns de euros para impulsar o emprego de 531 galegos sen traballo en 268 concellos rurais de Galicia. O orzamento, con respecto a 2018, crece nun 13% e os concellos emprendedores, que tiveron prioridade á hora de acceder a estes apoios, logran o dobre de contratos que os municipios que non contan con este distintivo autonómico que busca favorecer a actividade industrial na Comunidade, chegando a repartirse o 60% do total do investimento.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria financiará o 100% dos contratos que realicen as entidades locais do rural galego, que terán que estar vinculados á realización de tarefas relacionadas coa xestión do monte e a prevención de incendios nas faixas secundarias. Así, os desempregados poderán contratarse para o desenvolvemento de actividades de silvicultura, limpeza de montes, a xestión da biomasa, a valorización forestal ou a planificación preventiva. O obxectivo é proporcionar ás persoas sen traballo que habitan nos concellos rurais de Galicia -aqueles que non contan con ningunha zona densamente poboada a nivel parroquial- unha experiencia práctica e profesional necesarias para facilitar a súa inserción no mercado de traballo.

A Administración autonómica mellorou este ano esta iniciativa eliminando os límites de contratación por concello e incentivando con máis contratos ás localidades fusionadas e ás adheridas ao protocolo de concellos emprendedores. Así mesmo, tiveron prioridade os municipios con maior superficie forestal. Aumentouse, ademais, a contía media por traballador, que este ano se sitúa nos 13.176 euros, preto dun 20% máis que o exercicio anterior, atendendo deste xeito tamén á subida establecida para o salario mínimo interprofesional.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Aprol Rural forma parte dunha medida activa de emprego dirixida á mellora da ocupabilidade das persoas sen un posto laboral. Os traballadores e traballadoras que se contraten terán que estar inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) e a duración dos contratos será de 9 meses e a tempo completo.

O programa forma parte da Axenda 20 coa que o Goberno autonómico está a impulsar en Galicia o emprego estable e de calidade. De feito, no último ano a Comunidade galega conta con 14.262 parados menos, o que supón un descenso do -7,70%, unha cifra que sitúa á Comunidade en niveis de paro moi inferiores aos de hai 10 anos. O desemprego caeu nos colectivos prioritarios para a Xunta e que son os principais beneficiarios do Aprox Rural, como os menores de 30 anos e as mulleres.



O FUTURO PLAN DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS SEN FOGAR CUADRUPLICARÁ O NÚMERO DE PRAZAS PÚBLICAS EN CENTROS DE INCLUSIÓN

- ***Este documento será consensuado coas entidades sociais e os concellos nas vindeiras semanas en varias xuntanzas técnicas***
- ***As propostas da Xunta recollen o 85% das inxedanzas trasladadas polas entidades ao longo do proceso de elaboración do Estudo sobre a situación das persoas sen fogar en Galicia***

O Consello da Xunta analizou hoxe as liñas estratéxicas que guiarán o Plan de atención ás persoas sen fogar 2019-2023, que durante as vindeiras semanas será consensuado coas entidades sociais e os concellos en varias xuntanzas técnicas. No documento avaliado polo Goberno galego recóllense o 85% das inxedanzas trasladadas polas entidades durante a elaboración do *Estudo sobre a situación das persoas sen fogar en Galicia*.

Estas liñas estratéxicas, que xa coñecen os representantes das entidades que traballan coas persoas sen fogar en Galicia, recollen máis de 100 medidas. Unha das principais é cuadruplicar o número de prazas en centros de inclusión, que pasará das 18 actuais a un mínimo de 80 no ano 2023, no que se culminará a aplicación do plan. No ámbito da prevención, ademais, tamén se prevé a ampliación do proxecto Nelson Mandela ao centro penitenciario da Lama e o impulso a programas de intermediación inmobiliaria.

Na área de vivenda, o Plan de atención ás persoas sen fogar 2019-2023 prevé poñer á disposición 100 vivendas para o aloxamento das persoas sen fogar, que sirvan como punto de partida para o seu acompañamento social. Isto é o que se coñece como "metodoloxía *housing first*". No eido da atención sanitaria recóllese tres grandes novidades: establecer vías de preferencia na atención ás persoas sen fogar con enfermidade mental, impulsar proxectos de acción comunitaria para a prevención e vixilancia da saúde das persoas sen fogar e centrarnos en que todas as persoas sen fogar empadroadas en Galicia dispoñan da tarxeta sanitaria.

No que respecta á sensibilización e á educación, prevese a creación dunha páxina web que traslade á sociedade galega información sobre a situación das persoas sen fogar e poranse en práctica medidas para aumentar o coñecemento destas circunstancias entre a poboación escolar. Ademais, no referente á igualdade entre homes e mulleres, proponse elaborar un estudo sobre a situación específica das mulleres sen fogar e poñer en marcha un proxecto de acompañamento social dirixido a elas.